



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO CENTRO DE ATENCIÓN DE EMERXENCIAS (CAE) 112 GALICIA
O 18 DE MARZO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se deixa sen efecto a celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia do 5 de abril de 2020 como consecuencia da crise sanitaria derivada do COVID-19.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO QUE DEIXA SEN EFECTO AS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DO 5 DE ABRIL COMO CONSECUENCIA DA CRISE SANITARIA DERIVADA DO CORONAVIRUS

- ***A nova convocatoria levarase a cabo unha vez levantada a declaración do estado de alarma e a situación de emerxencia sanitaria***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se deixa sen efecto a celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia do 5 de abril de 2020 como consecuencia da crise sanitaria derivada do COVID-19.

Segundo recolle o decreto, unha interpretación sistemática, finalista, integradora e con dimensión constitucional do marco normativo derivado da declaración do estado de alarma impón, en prol da efectividade do dereito de sufraxio e do seu exercicio coas debidas garantías, deixar sen efecto a celebración das eleccións convocadas polo Decreto 12/2020, do 10 de febreiro.

Deste xeito, unha vez oídos os grupos políticos máis representativos de Galicia e a Xunta Electoral de Galicia e logo da deliberación do Consello da Xunta, déixanse sen efecto os comicios.

O decreto sinala que a nova convocatoria de eleccións levarase a cabo unha vez levantada a declaración do estado de alarma e a situación de emerxencia sanitaria, e engade que dita convocatoria realizarase no prazo máis breve posible, oídos os partidos políticos, e por decreto do presidente da Xunta.